

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL (ART. 25 DA LEI 49/2002, DE 23 DE DECEMBRO, DE RÉXIME FISCAL DAS ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS E DOS INCENTIVOS FISCAIS AO MECENADO) ENTRE VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, DECLARA:

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA formalizou o 7 de maio de 2026 con VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U, o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista ata o 31 de decembro de 2026, estando expresamente prohibidas as prórrogas expresas ou tácitas. Non obstante o anterior, o convenio retrotraerá os seus efectos ao 01 de xaneiro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, prestando apoio ás carreiras populares HOLI GAIÁS e PEQUE HOLI, no marco da conmemoración do DÍA DO MEDIO AMBIENTE, para a defensa e conservación do medio ambiente, e fomento do contacto coa natureza e o deporte.

Co fin de alcanzar o devandito obxecto, VIAQUA asume o compromiso de efectuar a achega económica para a promoción, divulgación, apoio e mecenado ás actividades culturais e de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación ao longo do ano 2026.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten por obxecto creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.



O fomento da colaboración público-privada tamén se previu no II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta, concretamente na Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado, cuxa relación co marco estratéxico deriva dos seguintes obxectivos;

OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego.

OO 2.1 Prestar colaboración e soporte a axentes públicos e privados relevantes de Galicia na definición e desenvolvemento das súas iniciativas estratéxicas.

A Fundación promove actividades tendentes a “propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.”

En 2026 ten previsto realizar unha nova edición do HOLI GAIÁS; no marco da conmemoración do Día do Medio Ambiente, regresa a VIII edición da carreira popular coa que a Cidade da Cultura festexa a primavera e promove o contacto coa natureza. Ambas actividades daranse cita ao longo da mesma mañá, pero con percorridos e tramos de horarios distintos.

Pola súa parte, VIAQUA é unha empresa do sector do medio ambiente que xestiona todos os procesos relacionados co ciclo integral da auga e cuxo modelo se basea na constante innovación tecnolóxica e na adecuada xestión do coñecemento, así como no uso sustentable de todos os recursos dispoñibles.

VIAQUA, mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia a través dos seus distintos centros nela situados, e recoñece a importancia da difusión da industria da madeira e a súa sostibilidade, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, mediante unha



achega económica, en consonancia coa súa política social corporativa, de forma altruísta, e sen contraprestación monetaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

